BASES DA CONVOCATORIA 2026 PREMIO

EXCELENCIA USC–PLEXUS TECH

AO MELLOR TFG DO GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

PRIMEIRA.- OBXECTO

Plexus Tech e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da **Universidade de Santiago de Compostela** convocan o **Premio ExcelencIA**, no marco do convenio de colaboración asinado entre ambas as entidades.

O premio recoñece o mellor Traballo Fin de Grao (TFG) do Grao en Intelixencia Artificial e ten como obxectivo fomentar a formación e a excelencia do seu estudantado.

SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS

Pode participar o estudantado do Grao en Intelixencia Artificial da ETSE da USC que presentase e defendese con éxito o seu TFG durante o ano natural 2026, en calquera das convocatorias.

TERCEIRA.- CONTÍA

O premio está dotado con **1.500,00 euros**. **PLEXUS TECH** ingresará o importe directamente na conta bancaria da persoa premiada, que deberá achegar o certificado de titularidade da conta cando lle sexa solicitado.

CUARTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN

As candidaturas presentaranse unicamente a través do formulario web dispoñible en https://www.plexus.es/premios-excelencia-2026/.

O prazo de presentación remata o **30 de novembro de 2026**.

QUINTA.- DOCUMENTACIÓN

O formulario recollerá a seguinte información:

- Datos persoais: nome completo, número de DNI, correo electrónico, teléfono e enderezo postal.
- Datos do TFG: título, data de defensa e cualificación obtida.
- Resumo do TFG (máximo dúas páxinas, en formato libre), coa

descrición do traballo, o obxectivo principal e os resultados obtidos, destacando a súa relevancia, interese e calidade, así como as súas posibilidades de aplicación ou transferencia tecnolóxica.

- Memoria completa do TFG.
- Declaración responsable indicando que o traballo é orixinal e non infrinxe dereitos de terceiros.

SEXTA.- XURADO

A persoa galardoada será seleccionada por un xurado constituído polas seguintes persoas:

- A persoa directora da ETSE ou persoa en quen delegue.
- A persoa coordinadora do Grao en Intelixencia Artificial ou persoa en quen delegue.
- Dúas persoas designadas por **PLEXUS TECH**.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Cualificación académica do TFG.
- Expediente académico da persoa candidata.
- Valoración das persoas integrantes do xurado.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

O ditame do xurado comunicaráselle á persoa premiada e farase público nas canles da USC e de Plexus Tech.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos trataranse exclusivamente para a xestión do premio, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición dirixíndose a rgpd@plexus.es.

Máis información en Aviso Legal de Plexus Tech.

DÉCIMA.- PROPIEDADE INTELECTUAL

A persoa autora conserva todos os dereitos sobre o seu TFG. A documentación achegada utilizarase unicamente para a avaliación da candidatura.

UNDÉCIMA.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación dunha candidatura supón a aceptación íntegra destas bases. Calquera dúbida sobre a súa interpretación será resolta pola comisión mixta de seguimento do convenio.

Contacto: comunicacion@plexus.es